

EDITORIAL

O ano 2020, que sen dúbida será tristemente lembrado polos nefastos efectos da pandemia da Covid-19, a nivel máis privado tamén merece memorarse por ser o ano en que perdemos a dúas personalidades moi eminentes do campo da historiografía artística e que estiveron moi vinculadas co noso Departamento e coa revista QUINTANA. Refírome, claro está, ao pai José López Calo, destacado musicólogo e investigador moi coñecido no campo da música medieval e do Códice Calixtino, e a Antonio Bonet Correa, toda unha autoridade no campo do estudo da arquitectura e a cidade, director honorario da Real Academia de Belas Artes de San Fernando de Madrid, e que foi membro do comité científico da nosa revista, así como Doutor Honoris Causa da Universidade de Santiago de Compostela. Aos dous, pois, o noso recordo máis emotivo.

Xa noutra orde de cousas, vén ao caso sinalar que, neste ano, conseguimos dúas novas valoracións importantes: o recoñecemento como revista científica da Agenzia Nazionale dei Valutazione del sistema Universitario e della Ricerca de Italia (ANVUR), con categoría de clase A nas áreas de Teoría de Restauración e Historia da Arquitectura (área 08), e a posición 11 na lista de revistas de Historia da Arte na terceira edición da Clasificación Iberoamericana de Revistas, correspondente ao ano 2019, que elabora REDIB en colaboración con Clarivate Analytics.

Respecto ao número da revista que nos ocupa, o número 19, esta vez está dedicado ao Tema monográfico titulado As medidas da desorde. Reflexións sobre canon, orde e proporción nas artes, que unha vez máis, como é habitual, conta con interesantes achegas de recoñecidos investigadores. É o caso de Vidal de la Madrid, que aborda o tema do uso e a presenza das ordes clásicas, con todas as súas intencións e significados, na arquitectura asturiana de época moderna que analiza de maneira metódica e rigorosa. Pola súa banda, Fernando Quiles profunda nas consecuencias que provocou, na arte sevillana do inicio da segunda metade do século XVII, a peste que azoutou a cidade en 1649, que cambiou modos, costumes e formulacións artísticas. Carolina De Falco trata, en cambio, como a "desorde" máis organicista e social vinculada a moi determinadas vangardas reinou na planimetría de certos barrios populares de Italia despois da segunda Guerra Mundial, dándolle personalidade a conxuntos urbanos que buscaron transgredir outras formulacións máis comúns. Por último, Germán Gan trata no seu artigo a obra máis vangardista do destacado músico español Cristóbal Halffter nun dos seus períodos de maior fertilidade creativa (1957-1962), que analiza desde unha documentación inédita ou pouco coñecida.

No apartado de Colaboracións, os temas, formulacións e metodoloxías son, como corresponde, moi heteroxéneos en función dos distintos intereses de cada autor. Así, Asier Aranzubía Cob e Nieves Limón Serrano, analizan a revisión dos símbolos do español nun videoclip de Rosalía; Belén Atencia Conde-Pumpido propón novas lecturas sobre o cubismo sintético parisiense de finais dos anos dez; Gemma Doménech i Casadevall analiza a actividade creativa do arquitecto barcelonés Jordi Tell durante o seu período de encarceramento na Coruña. Valeriano Durán Manso profunda, en cambio, nos personaxes de Juan Nadie (1941), de Frank Capra, á luz da propaganda xurdida no tempo do New Deal, mentres Francisco José Falero Folgoso reflexiona sobre o valor e significación da categoría estética da beleza a partir da obra do filósofo contemporáneo Arthur Danto. Rubén García López, céntrase en analizar, no cinema independente español do tardofranquismo, a película Contactos (1970) de Paulino Viota nas súas relacións e ideoloxía. Elena Monzón Pertejo estuda o tema das mulleres caídas como herdeiras de María Magdalena no audiovisual de 1910 a 1919; así mesmo Luz Mariña Ortiz Avilés fai fincapé nos paralelismos existentes entre dous importantes cineastas como David Perlov e José Luis Guerin, á vez que Annetta Joanna Pawlowska e Anna Wendorff reflexionan sobre a

tradución da imaxe en palabras en relación coa descrición curatorial e a audiodescrición das obras de arte. Antonio Perla de las Parras estuda a historia dunha bóveda gornecida con azulexos na capela funeraria de Gonzalo López de la Fuente no convento da Concepción Francisca de Toledo, mentres Cristina Sanz Martín propón a súa visión sobre a videopaisaxe tecnorromántica na chamada era do Antropoceno. Lola Visglerio Gómez analiza o proxecto "Plus ultra" como proposta expositiva crítica dentro da Expo'92. María José Zaparain Yáñez estuda o proxecto de teatro para Burgos deseñado polo arquitecto dieciochista Fernando González de Lara. Finalmente, Meng Zhou aborda o influxo da eboraria chinesa de Zhanghou nos marfiles hispano-filipino.

Como homenaxe ao que foi o noso compañeiro José López Calo, Escritos sobre... rescata un vello texto do autor: La música en la Catedral de Santiago. La Edad Media y el Renacimiento, que é completado cun estudo introdutorio escrito por Carlos Villanueva e Javier Garbayo. Feitos e tendencias reflexiona, en palabras de Mikel Asensio Brouard, sobre a situación tan actual vivida polos museos coas solucións de distanciamento, os novos percorridos e o acceso dixital motivado pola Covid-19. Xa por último, o número conclúe co apartado de Recensións, onde un número destacado de especialistas realizan comentarios e valoracións sobre publicacións artísticas que saíron á luz recentemente.

Ao mesmo tempo, non podemos concluír o noso editorial, sen realizar os imprescindibles agradecementos a aquelas persoas que fan que QUINTANA sexa realmente un empeño colectivo. Por iso é polo que é necesario mencionar aos tres secretarios Jesús Ángel Sánchez García, Julio Vázquez Castro e Miguel Anxo Rodríguez González, aos membros do comité científico e de redacción, a todos os avaliadores anónimos que revisaron a orixinalidade e calidade dos artigos, por suposto aos investigadores que moi amablemente contribuíron a enriquecer o Tema monográfico e, obviamente, a todos os nosos compañeiros do Departamento de Historia da Arte sempre firmes na idea de sacar adiante, non sen esforzos, este proxecto de todos que é a revista. Finalmente, tamén merece unha mención o Servizo de Publicacións da nosa Universidade, pois tanto o seu director, Juan Luís Blanco Valdés, como José Enrique Quintáns Míguez, sempre nos prestaron todo o seu apoio.

Alfredo Vigo Trasancos
Director de QUINTANA